



# Equipos de Dinamización da Lingua Galega

ACTIVIDADES DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA

PARA O CURSO 2017-2018:

## Festival de títeres

O mércores 25 de outubro o alumnado disfrutou dun Festival de títeres no centro patrocinado pola Deputación Provincial da Coruña en colaboración co Concello de Abegondo. A actuación veu da man dos artistas arxentinos “*El colectivo*”.

## O Samaín

Celebración da antiga festividade celta do Samaín.

As actividades tiveron como temática central esta festa e tiveron como día cume o 10 de novembro, día en que se celebrou o magosto e se entregaron os premios dos diferentes concursos convocados:

## “Concurso de portas terroríficas”

Concurso onde o alumnado de cada titoría participará de forma conxunta decorando a porta da súa aula. Valorarase e premiarase o traballo do grupo e a orixinalidade.



## “Concurso: Relatos de terror”

Concurso no que o alumnado participará escribindo diferentes contos de terror. Cos relatos gañadores e finalistas farase unha pequena exposición no corredor do centro.



## “Lectura de Contos de medo”

Durante varias sesións e recreos, o alumnado disfrutará da lectura de diferentes tipos de relatos, entre eles os de terror gañadores no concurso ou unha recompilación de contos de medo feita por antigos alumnos/as do centro que o alumnado actual non coñecía.

## **“Concurso de cabazas”**

No concurso de decoración deste produto de outono houbo dous galardóns nos que se recoñeceu o esforzo e a orixinalidade.

## **“Magosto”**

Celebramos a popular festa do Magosto o día 10 do mes de novembro. Puxemos así fin á celebración do Samaín no presente curso.

## **Saída ao teatro**

Aceptamos o convite que se nos fixo desde o Servizo de Normalización Lingüística do Concello da Coruña e visitamos o Centro Ágora para asistir á representación da obra de teatro: *O tolleito de Inishmaan*, dirixida por Cándido Pazó. Esta saída tivo lugar o día 15 de novembro, a ela asistiu o alumnado de 3º ESO e a obra foi moi ben acollida.

## **Nadal**

### **“Concurso de mini -tarxetas de Nadal”**

Celebramos o concurso de mini-tarxetas de nadal con motivo da conmemoración desta época festiva. Nel pode participar todo o alumnado do centro. Trátase, como xa se fixo outros anos, de deseñar unha mini-tarxeta que se colgará nunha árbore seca no vestíbulo do centro, e que debe conter unha mensaxe esperanzadora para a lingua galega. O concurso terá como lema: “Cos mellores desexos... tamén para o galego”. Será o EDL

quen faga de xurado e escolla entre todas a tarxeta coa mensaxe máis positiva e normalizadora. O profesorado tamén pode facer as súas achegas, se ben non participarán no concurso.



## “Celebración do Día de Rosalía”.

### Recitando a Rosalía

Co motivo da celebración do Día de Rosalía, o alumnado de 3º ESO elaborará un recompilatorio de poemas de Rosalía, estes poemas serán recitados na biblioteca por todos aqueles alumnos que desexen honrar deste xeito a nosa autora máis universal.

## “Entroido”

O **entroido** é unha festa de carácter tradicional que este curso se celebra o 12 e o 13 de febreiro. O EDL propón, un ano máis, a elaboración e difusión entre as familias, dun tríptico onde se recollan receitas de cociña achegadas polo alumnado desde ese ámbito familiar e tradicional, como unha excelente maneira de manter e transmitir os nosos costumes e as nosas tradicións máis ancestrais.

## “Proxector literario”

Aproveitando os recursos cos que contamos no centro, e en colaboración co Departamento de Lingua e Literatura Galega, o Equipo da biblioteca e o Club de lectura Viós-bardos, usaremos o proxector que temos na entrada para dar a coñecer, ampliar e fomentar a lectura de diferentes obras e os seus autores.

Tamén en colaboración con estes departamentos e/ou equipos, dos que formamos parte moitos dos membros do EDL, coordinaremos as lecturas que se fagan en lingua galega, ocupándonos da súa selección, das actividades de animación previa, das charlas,

etc. Así mesmo, o EDL organizará encontros con autores dos libros seleccionados e/ou dos libros que son obxecto de lectura obrigatoria, sempre que exista esa posibilidade.

Así mesmo, o EDL encargárase, xunto co equipo de Biblioteca, da organización da excursión coa que se premia a fidelidade ao club de lectura; deseñará, tamén, as actividades que formen parte da xincana literaria, sobre unha obra lida durante o curso, e a visita ás librarías para renovar fondos da biblioteca.

### “Correlingua”

O noso alumnado participará activamente no Correlingua mediante a elaboración do manifesto, vídeo e/ou pancartas nos que se reivindica o uso da lingua galega, así como a asistencia á carreira popular- festivo- reivindicativa que se celebrará previsiblemente no mes de maio na Coruña.

### “Celebración da Semana das Letras Galegas: “María Victoria Moreno

### Márquez”

Con motivo da homenaxe que este ano se lle fai á escritora María Victoria Moreno Márquez e, para desde o noso centro honrar a figura desta polifacética artista, levaranse adiante diferentes actividades que nos ilustren sobre o seu labor en favor da lingua e cultura galegas.